

NINA

Andrea Jaurrieta, 2024

1289

ESTREA EN NUMAX: 10.05.2024 | V.O. | 105 min

Nina decide volver á vila costeira onde medrou, cunha escopeta no bolso e un obxectivo: vingarse de Pedro, un famoso escritor ao que o pobo rende agora homenaxe. O reencontro co seu lugar de orixe, cos seus recordos do pasado e con Blas, un amigo da infancia, faranlle reformularse se a vinganza é a súa única opción.

Nina é un thriller, un western feminino contemporáneo onde pasado e presente se funden nunha historia de vinganza.

«Un filme con nervio e garra que salta no tempo mentres aborda un conflito social de máxima actualidade»

Alfonso Rivera, CINEUROPA



A historia dunha vinganza

Por Alfonso Rivera

No 2018 e coa súa primeira longametraxe, titulada *Ana de día*, a cineasta navarra Andrea Jaurrieta sorprendeu ao tensar a corda do risco cunha historia desconcertante, ambigua e posuída pola estrañeza que demostrou que a súa non era unha mirada acomodaticia, senón que coqueteaba libremente co xénero fantástico desde a cotiandade. Co seu segundo filme, *Nina*, volve demostrar que o seu non é o confort e, armada con briosa ambición narrativa, ofrece un relato percutinte e de alambicada estrutura narrativa que aborda un asunto candente que non cesa de encher titulares.

Nina presenta desde a súa primeira secuencia unha muller (interpretada con fereza por Patricia López Arnaiz) armada cunha escopeta coa que, unha hostil noite de chuvia e lama, apunta cara unha casa onde se encontra un obxectivo que non chegamos a distinguir. Logo busca acubillo da humidade nun hotel onde é recoñecida por quen o rexenta, pois Nina regresou tras moito tempo á súa vila natal: un lugar onde medrou, veu moito cinema e namorou dun home de éxito, bastante máis maior ca ela, que lle deixou unha pegada indeleble. Por ese motivo regresou, contaminada de dor, furia e trauma.

Baseada nunha terceira parte no clásico *La gaviota*, do escritor ruso Anton Chéjov; outro terzo da obra de teatro *Nina*, escrita por José Ramón Fernández (Premio Lope de Vega 2003), e o resto saído da mente hiperactiva da propia Jaurrieta, este filme absorbe a idea central das súas principais fontes de inspiración para, a continuación, transformar o seu orixinal personaxe namorado nun animal ferido e posuído polo sentimento de vinganza.

Así, *Nina* eríxese orgullosa nunha empoderada *revenge movie* con feitura de *western* e forte carga psicolóxica: a súa protagonista é un pouco Joan Crawford no clásico *Johnny Guitar* (Nicholas Ray, 1954), pero tamén Jennifer Jones en *Duelo ao sol* (King Vidor, 1946), cunha dura determinación no rostro dun John Wayne contemporáneo. A Nina de Jaurrieta é unha rapaza moderna que non se conforma con aceptar o pasado machista nin a apatía e hipocrisía sociais, senón que, nun intento de revelarse contra todo isto, busca xustiza, como Charles Bronson vasco.

E é que a cinefilia (a sombra de Hitchcock é alongada neste vertixinoso drama onde se pode olfactear tamén a pegada de Pedro Almodóvar e ata de Martin Scorsese n' *O cabo do medo*, 1991) percorre este relato tinguido de vermello, de alto poderío visual e contado en dous tempos (o presente e a adolescencia da protagonista), cunha montaxe enérxica que ás veces pode resultar confusa, pero que evidencia o malestar do seu personaxe central: tamén reflicte como os traumas e as cicatrices, aínda que se queiran borrar, reviven e ábreanse ao pisar as labirínticas rúas onde sucederon actos abominables. Así llo lembra un dos personaxes secundarios á contumaz Nina, resumindo o espírito desencantado desta cinta: “No lo mires más, porque no podemos echar atrás el tiempo”.

Publicado en cineuropa.org



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Ivánov / La gaviota /
Tío Ványa*
Anton Chéjov.
Alianza Editorial, 2013

Johnny Guitar,
Nicholas Ray.
Paramount [DVD]